

O SEU XOGO FAVORITO

1576

Howard Hawks, 1964

ESTREA EN NUMAX: 15.08.2025 | V.O.S.E. | 119 min

Roger Willoughby é un simpático e eficiente vendedor de apeiros de pesca duns grandes almacéns de San Francisco. Os seus clientes pensan que é un auténtico experto, xa que escribiu un manual sobre pesca con cana pero o certo é que non ten nin idea de pesca!

«Película feliz en todos os sentidos:
divertida en todo momento»

Francisco Marinero, EL MUNDO



Un ilusionista da sétima arte

Por Cus Blesa Portela

Roger Willoghby é un vendedor de aparellos de pesca duns grandes almacéns da cidade de San Francisco, ao que os seus clientes consideran como un gran pescador e un gran experto na materia pola publicación do seu recente libro sobre o tema. A publicista Abigail Page, vendo o grande éxito de venda do libro, decide convidar a Willoghby a un concurso de pesca, pero este négase, debido a que non sabe absolutamente nada da materia.

Esta película é unha sorte de remake d'*A fera da miña nena* (1938), pero sen deixar de presentar características novas e propias. O argumento d'*O seu xogo favorito* (1964) nada ten que ver co da súa antecesora, pero os seus personaxes, as circunstancias e os gags son unha caste de *déjà vu* remasterizado.

Cunha personalidade propia, esta película é un filme encantador, divertido e espontáneo, grazas ao seu enxeño e identidade atemporal, que consegue que o espectador esqueza a súa procedencia e centrarse na entretida trama, cargada de situacións estrambóticas e esmendrellantes.

O eixo central d'*O seu xogo favorito* é o sentido do humor. Todo o que rodea á acción céntrase en gags visuais e frases que provocan a risa, pois como dixo Hawks: "o sentido do humor é unha parte esencial non só nas películas, senón tamén na vida cotiá". Aínda que o tema central se centre na vida real, todo aquilo que o rodea está destinado á comicidade do eixo central: a eterna loita de sexos. Nesa tolemia será sempre a muller a que leve a batuta, arrastrando o home a unha infinidade de tolas aventuras.

Howard Hawks foi un home que soubo entender o cinema nun momento de auténtica revolución. Un cineasta auténtico e inimitable. Un mago da sinceridade e a espontaneidade. Un auténtico ilusionista da sétima arte, capaz de mostrar as marabillas do mundo a través da pantalla. Un faquir do tempo, un domador do celuloide. Un observador da vida. Un fanático da ocorrencia máis sagaz e do enxeño máis audaz.

Publicado en elespectadorimaginario.com